

30 DE XULLO DE 2018

PROPOSTA, PARA EXPOSICIÓN PÚBLICA, DO  
REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ  
CONCELLO DE AMES

## **PREÁMBULO**

O presente regulamento é a expresión mesma do compromiso do Concello de Ames coa participación democrática e cívica, co obxectivo de facela realidade, implicando á cidadanía de xeito activo e transparente nos asuntos públicos locais. A participación é, recordemos, constitutivo do feito mesmo de ser cidadán e, polo tanto, unha cuestión que toda institución debe impulsar e fomentar se quere mellorar e elevar a nosa democracia conforme aos principios que inspiran o Estatuto de Galicia, a Carta Europea de Salvagarda dos Dereitos Humanos ás Cidades, e o ordenamento constitucional do Estado.

Os Concellos, ao supor o nivel de goberno máis próximo á cidadanía, son o espazo ideal onde impulsar medidas de participación da veciñanza, tanto a título individual como organizados en asociacións e entidades, para a correcta solución dos seus problemas e inquiredanzas, e para achegar a institución aos debates presentes na sociedade.

Este compromiso orienta a vontade de consolidar un sistema de participación á altura das elevadas expectativas da sociedade galega en canto á democracia local, amparado polo dereito á participación nos asuntos públicos recollido no artigo 23 da Constitución Española.

O Regulamento de participación cidadá do Concello de Ames ven a completar o Regulamento Orgánico Municipal aprobado no ano 2016 (BOP nº78 de 26 de abril de 2016).

O sistema de participación que emana deste regulamento abrangue todos os aspectos da xestión pública local, tanto no que se refire estritamente as actuacións promovidas directamente polo Concello como as realizadas por organismos autónomos e/ou empresas municipais que se poidan constituír, adoptando as medidas necesarias e específicas para a súa concreción nestes ámbitos.

Con esta iniciativa mellórase a identificación das demandas, coordínanse esforzos, rentabilízanse recursos e complementanse accións, á vez que dispóñense de diferentes perspectivas de avaliación tanto de procesos, como dos resultados

Por isto, e en cumprimento do mandato do artigo 70 bis apartado 1 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello de Ames pon a disposición da cidadanía todos os instrumentos normativos e materiais ao seu alcance.

En definitiva, os diversos mecanismos participativos creados e impulsados pola lei, colocan o noso réxime local na liña avanzada de promoción da participación que está adquirindo corpo en todo o continente, impulsada polo Consello de Europa, e da que é unha importante manifestación a Recomendación do seu

Comité de Ministros Rec (2001) 19, que serviu de fonte de inspiración para esta reforma.

O presente Regulamento ordénase en CATRO TÍTULOS, seguindo a seguinte estrutura:

O **TÍTULO I** regula as disposicións xerais sobre a materiais.

O **TÍTULO II** regula os dereitos da cidadanía.

O **TÍTULO III** regula os órganos de participación cidadá.

O **TÍTULO IV** regula o tecido asociativo.

## **TITULO I DISPOSICIÓNS XERAIS**

### **Artigo 1. Obxecto**

O obxecto deste documento é regular as formas, medios e procedementos de participación da cidadanía na xestión municipal, tanto individualmente como a través de asociacións veciñais.

### **Artigo 2. Obxectivos específicos.**

O Concello de Ames a través do presente regulamento pretende acadar os seguintes obxectivos específicos:

1º O desenvolvemento efectivo da participación cidadá con arranxo ó previsto nos artigos 9.2 e 23.1 da Constitución e demais normativa aplicable, definindo e regulando as distintas formas e órganos necesarios para a súa execución.

2º Impulsar a participación cidadá nos asuntos públicos, establecendo novas vías de participación que garantan o desenvolvemento da democracia participativa e a eficacia da acción pública.

3º Facilitar a mais ampla información sobre a actividade municipal.

4º Fomentar a vida asociativa do concello garantindo a convivencia solidaria e equilibrada na libre concorrencia de iniciativas cidadás sobre os asuntos públicos, promovendo puntos de encontro e debate coa cidadanía e facilitando o contacto con outras administracións públicas.

5º Fomentar a mais ampla participación en todos os grandes proxectos que afecten ó Concello para acadar un desenvolvemento integral e sostible.

6º Garantir o acceso dos cidadáns e cidadás ós recursos e estruturas municipais para que estes podan implicarse na xestión municipal, sen perxuízo das facultades de decisión dos correspondentes órganos municipais.

### **Artigo 3. Ámbito de actuación.**

1. O ámbito de actuación deste Regulamento inclúe a toda a veciñanza do municipio e ás asociacións veciñais con presenza no termino municipal.

2. A efectos deste Regulamento considerase veciño ou veciña a calquera persoa inscrita no Padrón Municipal de Habitantes.

3. A efectos deste Regulamento considerase asociacións veciñais as inscritas no rexistro municipal de asociacións de acordo co procedemento establecido no Título IV do presente Regulamento.

## **TÍTULO II DEREITOS DA CIDADANÍA**

### **CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.**

#### **Artigo 4. Dereito á participación.**

1. Toda a veciñanza de Ames ten o dereito a participar na xestión dos asuntos públicos locais, directamente ou mediante asociacións veciñais, utilizando os órganos e canles de participación establecidos nas leis e neste Regulamento.

2. Desde o punto de vista da organización municipal e estrutura administrativa, a participación cidadá dependerá da Alcaldía ou concellería en que delegue.

Non obstante, dende as diferentes concellerías poderán iniciarse procesos e experiencias participativas nas distintas áreas, procesos que poderán ser transversais traballando no desenvolvemento de iniciativas compartidas entre os distintos departamentos e contando cos medios e recursos que o Concello de Ames porá a dispor dos distintos departamentos.

3. Os efectos do presente Regulamento este dereito de carácter xeral comprende os seguintes dereitos específicos:

- Dereito á información municipal.
- Dereito de acceso á arquivos e rexistros municipais.
- Dereito á información sobre procedementos en curso.
- Dereito a atención cidadán.
- Dereito á publicidade das sesións dos órganos municipais.
- Dereito de petición.
- Dereito á presentación de queixas, suxestións e reclamacións.
- Dereito a audiencia pública.
- Dereito á iniciativa popular.
- Dereito de intervención nas sesións plenarias municipais.
- Dereito á consulta popular.

### **CAPÍTULO II DEREITO Á INFORMACIÓN.**

#### **Artigo 5. Dereito á información municipal.**

O Concello de Ames garantirá á veciñanza o dereito á información sobre a

xestión das competencias e servizos municipais, e a utilización dos medios de información xeral establecidos polo concello, de conformidade coas disposicións legais vixentes e a presente normativa, cos únicos límites previstos na normativa aplicable.

O Concello informará ós veciños e veciñas da súa xestión a través da web municipal, dos medios de comunicación social do concello e mediante a edición de publicacións, folletos e bandos, colocación de cartelería e soportes publicitarios, taboleiros de anuncios, paneis informativos, organización de actos, conferencias, proxeccións de vídeos, organización de actos informativos e cantos outros medios se consideren precisos.

Os veciños e veciñas poderán solicitar información pero sempre de forma que se poda acreditar a autenticidade da solicitude, identificación da persoa que a presenta e delimitando de forma clara e precisa os datos e informacións que se queiran consultar.

As peticións de información terán que ser contestadas no prazo máximo de un mes salvo que, por circunstancias debidamente acreditadas, non se puidera dar a información solicitada ou fora preciso un prazo superior, o cal deberá ser debidamente contestado no prazo de un mes.

#### **Artigo 6. Dereito de acceso a arquivos e rexistros municipais.**

Todos os veciños e veciñas terán dereito a acceder á documentación dos arquivos e rexistros municipais, conforme á normativa vixente de procedemento administrativo, para informarse de actividades e asuntos relativos ás competencias municipais, previa solicitude razoada a través do rexistro municipal.

O acceso á información terá lugar no prazo máximo de un mes e terá lugar en sede municipal e espazo adecuado, debendo ser comunicada a data concreta con tres días de antelación. Todo o exposto sen prexuízo de que por circunstancias debidamente acreditadas non puidera ser atendida a solicitude de acceso ou fora preciso un prazo superior, o cal deberá ser debidamente contestado no prazo de un mes.

#### **Artigo 7. Dereito á información sobre procedementos en curso.**

Os veciños e veciñas teñen dereito a coñecer o estado de tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados/as e a obter copias dos documentos contidos neles, así como a recibir información e orientación sobre os requisitos esixidos para as actuacións que se propoñan realizar.

O mesmo dereito a obter información e orientación lles corresponde respecto dos procedementos nos que se estableza un período de información pública, tales como actuacións urbanísticas, ordenanzas fiscais ou outras, a fin de formular alegacións.

Nestes supostos se aplicará a normativa sobre procedemento administrativo común.

### **Artigo 8. Dereito á atención á cidadanía.**

Na medida das posibilidades municipais existirá un servizo de atención á cidadanía onde se dará información administrativa, orientación sobre a organización municipal, sobre os fines, competencias e funcionamento dos órganos e servizos municipais, información sobre os recursos existentes, así como sobre as actividades e acordos municipais.

A oficina de atención á cidadanía canalizará as queixas, suxestións e reclamacións e dependerá directamente da Alcaldía ou concellería na que delegue. Será prioritario a posta en marcha dos medios tecnolóxicos necesarios para poder acceder a información por vía telemática.

### **Artigo 9. Dereito á publicidade das sesións dos órganos municipais**

Sen prexuízo do establecido no Regulamento Orgánico Municipal e coa fin de garantir o efectivo dereito á información e participación establecece que:

1. As ordes do día das sesións de Pleno, Comisións Informativas, Xuntas de Goberno Local, Consellos Reitores de Organismos Autónomos ou de Administración de empresas municipais ou organismos autónomos, no caso de existir, publicaranse no prazo non superior a 24 horas despois da súa convocatoria nos taboleiros de anuncios das Oficinas municipais e na páxina web municipal. Os acordos de ditos órganos publicaranse nos mesmos soportes transcorridos, como máximo, dous días hábiles despois desde a aprobación da acta da sesión correspondente.
2. As sesións plenarias serán públicas a través dos distintos medios de comunicación do Concello. As vídeo-actas das sesións plenarias estarán dispoñíbeis na web do Concello.

## **CAPITULO III DEREITO DE PETICIÓN**

### **Artigo 10. Dereito de petición.**

Todas as persoas, físicas ou xurídicas, de forma individual ou colectiva, poderán exercer o dereito de petición, nos términos e co alcance previsto na normativa de desenvolvemento do artigo 29 da Constitución, que se concreta na lei orgánica 4/2001, de 12 de novembro, reguladora do dereito de petición, sobre calquera asunto ou materia de competencia municipal ou pedir aclaracións sobre actuacións municipais.

O dereito de petición formularase por escrito, incluídos medios electrónicos sempre que se permita acreditar a súa autenticidade, e incluírá a identidade do solicitante ou solicitantes, con indicación do DNI, pasaporte ou tarxeta de

residencia, nacionalidade, e lugar elixido para a práctica de notificacións, o obxecto da petición e o seu destinatario.

A petición poderá versar sobre calquera asunto comprendido no ámbito de competencias do concello sendo indiferente que o asunto afecte exclusivamente ó peticionario/a ou sexa de interese colectivo ou xeral.

Como excepción non serán obxecto deste dereito os asuntos ou suxestións para os que exista un procedemento específico distinto do regulado pola Lei orgánica 4/2001 de 12 de novembro, reguladora do dereito de petición.

No suposto de peticións colectivas ademais dos requisitos anteriores será asinada por todos os peticionarios/as, debendo figurar a sinatura, nome e apelidos de cada uno deles e DNI ou documento que o substitúa.

A resolución aos escritos de petición, de forma estimatoria ou desestimatoria deberá ser notificada no prazo máximo de 3 meses desde a súa presentación e se axustará ao previsto na normativa reguladora do dereito de petición. No caso de silencio administrativo o mesmo será negativo

O concello deberá acusar recibo da petición dentro dos 10 días hábiles seguintes a que se reciba. Ademais poderá declarar inadmisíbel a petición sempre de forma motivada e no prazo de un mes dende a súa presentación.

#### **Artigo 11. Dereito á presentación de queixas, suxestións e reclamacións.**

Todos os cidadáns teñen dereito a presentar queixas, suxestións e reclamacións sobre materias de competencia municipal e sobre o funcionamento dos servizos municipais. Este dereito poder exercerse por calquera persoa física ou xurídica con independencia do lugar de residencia ou da súa nacionalidade.

Para facilitar as mesmas existirá un modelo de queixa-reclamación-suxestión e, na medida do posible, se habilitarán buzóns así como aplicacións electrónicas, informáticas e telemáticas para a presentación de suxestións e reclamacións.

As queixas, suxestións e reclamacións deberá conter como mínimo o nome, apelidos, DNI ou equivalente, e domicilio e correo electrónico. Conterá tamén o obxecto da queixa, suxestión ou reclamación.

Quedan excluídas deste procedemento as cuestións pendentes de resolución xudicial ou en tramitación administrativa ata que recaia resolución expresa ou presunta. (darlle volta, poderíamos permitir suxerencias ou queixas sobre un trámite administrativo).

#### **Artigo 12. Comisión especial de queixas, suxestións e reclamacións.**

Para a defensa dos dereitos da cidadanía o pleno do concello creará a Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións integrada por representantes de todos os grupos municipais e concelleiros/as non adscritos/as, de forma proporcional a súa presenza no pleno, seguindo o



mesmo criterio de composición que as comisións informativas permanentes.

Corresponde a esta comisión especial defender os dereitos da cidadanía nas súas relacións coa administración municipal, supervisar a actuación da administración municipal proponendo accións de mellora e informar das queixas, reclamacións e suxestións que os veciños/as dirixan.

Todos os órganos de goberno e da administración municipal están obrigados a colaborar coa Comisión Especial de Queixas, Suxestións e Reclamacións.

A comisión deberá dar conta no pleno ordinario do mes de febreiro, dun informe anual ca relación das queixas, suxestións ou reclamacións do exercicio anterior, así como das deficiencias observadas no funcionamento dos servizos municipais, con especificación das queixas, suxestións ou recomendacións non admitidas pola administración municipal, especificando a causa da inadmisión.

## **CAPITULO IV DEREITO DE AUDIENCIA PÚBLICA**

### **Artigo 13. Dereito á Audiencia pública.**

A audiencia pública constitúe un espazo de participación para a presentación pública por parte do concello e posterior debate entre este e a cidadanía, sobre cuestións especialmente significativas da acción municipal. Tamén é un mecanismo para a formulación de propostas por parte da cidadanía.

A audiencia pública estará presidida pola alcaldía ou concelleiro/a no que delegue.

Poden solicitar unha audiencia pública os órganos de participación existentes, ou cidadáns/cidadás individuais, sempre que presenten o apoio avalado mediante un mínimo establecido de sinaturas verificables. Eses mínimos serán:

-Do 5% do padrón no caso de calquera dos dous núcleos urbanos (Milladoiro e Bertamiráns).

-Do 10% do padrón nos restantes ámbitos do Concello que non sexan as vilas de Milladoiro e Bertamiráns.

-Do 3% do padrón do total do ámbito do concello.

-Do 10% das asociacións veciñais inscritas no rexistro municipal.

A audiencia pública será convocada pola Alcaldía. Os solicitantes da audiencia presentarán escrito razoado no rexistro municipal axuntando unha memoria sobre o asunto a tratar así como as sinaturas e datos identificativos dos/as solicitantes.

Recibida a solicitude, acreditado que cumpre os requisitos, a Alcaldía convocará a audiencia pública no prazo de 1 mes hábil. Entre a convocatoria e a celebración mediará un prazo de 10 días hábiles.

A audiencia pública desenvolverase con arranxo ás seguintes regras:

1ª presentación a través dun único voceiro/a do tema a tratar cunha duración máxima de 10 minutos.

2ª Intervención do responsable político cunha duración máxima de 5 minutos.

3ª Intervención do voceiro/a dos solicitantes cunha duración máxima de 5 minutos.

4ª Replica do responsable político cunha duración máxima de 5 minutos.

5ª Conclusión do voceiro/a cunha duración máxima de 3 minutos.

Todas as solicitudes de audiencia ás que fai mención este artigo serán enviadas a todos os Grupos Municipais e/ou concelleiros/as non adscritos/as e publicadas na web do concello.

## **CAPITULO V DEREITO A INICIATIVA POPULAR**

### **Artigo 14. Do dereito á iniciativa popular.**

Os que gocen do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais poderán exercer a iniciativa popular presentando propostas de acordo ou actuacións ou proxectos de regulamentos en materias de competencia municipal. En ningún caso poderán ser obxecto desta iniciativa normas reguladoras de tributos ou prezos públicos.

Ditas iniciativas deberán ir subscritas como mínimo polo 10% da censo electoral do concello. As sinaturas se presentarán en folios numerados e con unha referencia clara ao obxecto da iniciativa, con tabulas nas que figuren o nome e apelidos dos asinantes, dirección e DNI.

As iniciativas que cumpran os requisitos serán sometidas a debate e votación no pleno, sen prexuízo de que sexan resoltas polo órgano competente por razón da materia. En todo caso, se requirirá o informe de legalidade do secretario/a así como do interventor/a municipal cando a materia requira os ditos informes.

1. A iniciativa popular permite promover accións ou actividades municipais, tales como:

a) Propoñer a aprobación de proxectos ou regulamentos nos ámbitos competenciais propios do Concello de Ames.

b) Propoñer asuntos para a súa inclusión na orde do día do Pleno municipal que sexan competencia plenaria.

c) Solicitar ao Concello que faga determinada actividade de interese público municipal.

No caso de que sexan precisas achegas económicas ou medios extraordinarios, os técnicos do concello ou persoal externo con acreditada competencia, farán un estudo de viabilidade, que será público e que será facilitado ós proponentes e ós membros da corporación. Todo isto sen prexuízo dos informes internos que foran preceptivos.

Todas as iniciativas ás que fai mención este artigo serán enviadas a todos os Grupos Municipais e/ou concelleiros/as non adscritos/as e colgadas na web do concello.

## **CAPITULO VI DEREITO A INTERVENCIÓN NO PLENO MUNICIPAL**

### **Artigo 15. Dereito de intervención nas sesións públicas municipais.**

1.- As sesións de pleno serán públicas, salvo nos casos previstos no artigo 70.1 LRBRL.

2.- Cando algunha das entidades veciñais inscritas no rexistro municipal de entidades veciñais, desexe efectuar unha exposición ante o pleno en relación a algún punto da orde do día, en cuxa tramitación interviñera como interesada ou nunha materia da cal se poida discrecionalmente estimar que teña interese específico, deberá solicitar por escrito ao alcalde o seu dereito a intervenir.

Autorizada pola Alcaldía a intervención terá lugar a través dun único representante e cunha duración máxima de 5 minutos, antes do debate e votación do asunto.

En todo caso terá que cumprirse as seguintes premisas:

- a) O asunto sobre o que interveña estará incluído na orde do día.
- b) Deberá solicitarse con 24 horas antes da celebración do pleno e por escrito con rexistro de entrada.
- c) O número máximo de asociacións que poderán intervenir é de 3 e se existen mais solicitudes intervirán as tres primeiras solicitudes presentadas.
- d) A Alcaldía poderá denegar a intervención motivadamente, concretamente se é un asunto sobre o cal o concello non ten competencias, ou xa foi presentado noutra sesión nun período de tres meses.
- e) Todo interviñente deberá cumprir cos criterios debidos de educación e decoro.

Estas intervencións non constarán na acta da sesión.

3. Unha vez finalizada a sesión plenaria, o público asistente, previa solicitude de palabra, poderá realizar rogos e preguntas dirixidas ao goberno sobre asuntos de interese municipal, as cales serán contestadas polo alcalde ou alcaldesa, ou polo concelleiro/a a quen corresponda.

A duración máxima desta quenda de rogos e preguntas será de 20 minutos e se axustará as seguintes regras:

- a) Os rogos e preguntas serán formulados por escrito e por rexistro de entrada con 24 horas de antelación á celebración do pleno.
- b) No escrito de solicitude se fará constar o contido do que se desexa rogar ou preguntar.
- c) Cada interviñente non poderá facer mais de dous rogos ou dúas preguntas ou un rogo e unha pregunta. A duración máxima da intervención por cada rogo ou pregunta será de 2 minutos.
- d) Primeiro se formularán a totalidade dos rogos e preguntas e despois serán contestados.
- e) A contestación de cada rogo ou pregunta non excederá de 2 minutos e non haberá dereito a replica.
- f) As solicitudes serán tratadas por orde de rexistro de entrada.
- g) Darase conta a todos os Grupos Municipais das peticións de intervencións e do seu contido.

Todo interviñente deberá cumprir cos criterios debidos de educación e decoro. Estas intervencións non constarán na acta da sesión.

## **CAPITULO VII DEREITO A CONSULTA POPULAR**

### **Artigo 16. Consulta popular**

A Alcaldía someterá a pleno as solicitudes de consulta popular presentadas por un grupo municipal, previo acordo da maioría absoluta e autorización do goberno da Nación. Tamén poderá solicitarse a celebración da consulta popular a iniciativa cidadá que sexa avalada como mínimo por:

- Do 5% do censo electoral no caso de calquera dos dous núcleos urbanos (Milladoiro e Bertamiráns).
- Do 10% do censo electoral nos restantes ámbitos do Concello que non sexan as vilas de Milladoiro e Bertamiráns.
- Do 3% do censo electoral do total do ámbito do concello.
- Do 10% das asociacións veciñais inscritas no rexistro municipal.

A consulta popular versará sobre aqueles asuntos de competencia propia municipal e de carácter local que sexan de especial relevancia para os intereses veciñais con excepción dos relativos á facenda municipal.

Unha vez concedida a autorización polo goberno da nación e aprobada polo

concello se promoverá nos medios de comunicación públicos a difusión da mesma. Se facilitará ó acceso gratuíto a espazos publicitarios nos medios de comunicación de ámbito local tanto ós grupos municipais como ós promotores da consulta.

En ningún caso as consultas populares terán carácter vinculante.

A pregunta que se formulará na consulta popular deberá recoller fielmente o contido da iniciativa co fin de conquistar o obxectivo previsto. Dentro de unha mesma consulta pódense incluír mais de unha pregunta.

Non se poderán facer mais de dúas consultas ó ano e non se poderá reiterar unha mesma consulta dentro do mesmo mandato.

Cada consulta soamente poderá referirse a un tema concreto aínda que comprenda unha ou varias preguntas.

### **Artigo 17. Mecanismos para o coñecemento das demandas cidadás e a calidade dos servizos municipais.**

O Concello de Ames poderá facer sondaxes de opinión á poboación a fin de coñecer a súa valoración sobre o funcionamento de calquera servizo municipal e as súas necesidades.

O Concello de Ames poderá facer enquisas de calidade ás persoas usuarias dos servizos municipais para acadar a información necesaria que reverta nas oportunas accións de mellora.

O Concello dará a coñecer os resultados das sondaxes e estudos de opinión e das enquisas a través dos medios de comunicación municipal e da web.

O Concello informará aos Grupos municipais das consultas que se van a realizar e facilitará a ficha base do documento do sondaxe.

### **TITULO III ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

#### **Artigo 18. Órganos de participación**

Articúlase a participación cidadá no Concello de Ames a través dos seguintes órganos:

- a) Asamblea de Participación Cidadá ou da veciñanza.
- b) Asambleas territoriais.
- c) Consellos sectoriais.

En todo o non previsto neste Regulamento será de aplicación a normativa vixente de Réxime Local.

### **CAPITULO I ASAMBLEA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ OU DA VECIÑANZA**

#### **Artigo 19. A Asemblea de Participación Cidadá ou da Veciñanza.**

1. A Asemblea de Participación Cidadá ou da Veciñanza é o órgano máximo de participación cidadá na xestión municipal onde se analizan e coordinan actuacións que afectan ó conxunto do municipio.

As súas funcións principais son as de estudo, debate e asesoramento na ordenación das grandes liñas da política municipal que incidan na planificación estratéxica, económico, social, cultural e sostíbel do concello.

Manterá unha comunicación fluída coas Asambleas territoriais e sectoriais coa finalidade de desenvolver os obxectivos de participación.

A súa creación corresponde ao Pleno do Concello de Ames a iniciativa do alcalde ou dos grupos municipais. Promoverase a paridade e igualdade na súa composición non sendo excluínte.

#### **Artigo 20. Composición e funcionamento da Asemblea de Participación cidadá ou da veciñanza.**

A asemblea de Participación Cidadá ou da Veciñanza terá a seguinte composición:

- O/a presidente/a será o alcalde ou concelleiro/a no que delegue.
- Un concelleiro/a en representación de cada grupo municipal ou concelleiro non adscrito designado por eles e entre os que estará o Vicepresidente/a que será elixido/a polo Pleno.
- 1 representante de cada Asemblea territorial.
- 1 representante de cada consello sectorial.

Un dos seus membros actuará como secretario/a.

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta.

De cada reunión se levantará acta cos acordos adoptados que será publicada.

Para a válida constitución se require a presenza da maioría absoluta dos seus membros en primeira convocatoria e un terzo en segunda.

Se reunirán con carácter ordinario unha vez ao ano. Con carácter extraordinario cantas veces sexa preciso, a xuízo da presidencia ou da terceira parte dos seus membros.

A petición da presidencia, poderase solicitar a presenza de persoal técnico do concello con voz e sen voto a efectos de asesoramento

A Asemblea, unha vez constituída, elaborará e aprobará un regulamento interno de funcionamento que deberá ser aprobado polo pleno do concello.

A Asemblea será renovada cada catro anos coincidindo co cambio na Corporación.

Anualmente será aprobará unha Memoria de actividades realizadas durante o período e será remitida ao concello e a todos os Grupos Municipais; tamén se dará a coñecer a través dos medios de comunicación municipal e da web.

### **Artigo 21. Funcións da Asemblea de Participación Cidadá**

As funcións da Asemblea de Participación Cidadá ou da Veciñanza serán as establecidas no seu regulamento e, particularmente, as seguintes:

- a) Proporcionar información ó concello sobre os problemas xerais.
- b) Trasladar ó concello os acordos adoptados que teñan relación ca actividade municipal.
- c) Ser consultado polo concello en asuntos de interese xeral debendo amosar o seu parecer.
- d) Debater asuntos que presenten as Asambleas territoriais e sectoriais.

## **CAPITULO II ASAMBLEAS TERRITORIAIS**

### **Artigo 22. Asambleas Territoriais.**

As Asambleas Territoriais son órganos de participación que teñen a función de canalizar a participación da cidadanía nos asuntos municipais, pero limitada a un ámbito territorial específico: a parroquia no ámbito rural e a vila no ámbito urbano.

Desenvolverán exclusivamente funcións de informe, consulta e, no seu caso,

proposta, en relación coas iniciativas municipais ou veciñais relativas o seu ámbito territorial.

A súa creación corresponde ao pleno da Corporación, a iniciativa do alcalde ou dos grupos municipais. Promoverase a paridade e igualdade na súa composición.

Poderase crear unha Asamblea Territorial por cada unha das parroquias e vilas do Concello de Ames. É dicir, pode haber un total de 13.

Unha vez constituído cada Asamblea Territorial elaborará un regulamento interno de funcionamento que deberá ser aprobado polo pleno do concello.

### **Artigo 23. Composición e funcionamento**

Cada Asamblea Territorial estará composta polos censados do ámbito territorial que voluntariamente así o desexen. Entre eles elixirán unha presidencia e secretaría.

Serán convocados pola presidencia a iniciativa propia ou a solicitude do 5% da veciñanza no caso das vilas de Bertamiráns e Milladoiro e do 10% nos restantes ambitos.

Se reunirán con carácter ordinario unha vez ao ano como mínimo e se levantará acta de tódalas reunións cos acordos adoptados.

Para a válida constitución se require a presenza do 1% do censo no caso das vilas e do 5% no caso dos restantes ámbitos cun mínimo de 10 asistentes. En todo caso deberán asistir a presidencia e a secretaría.

Anualmente será aprobado pola Asamblea Territorial un Informe de actuacións realizadas durante o período e será remitido á Asamblea de Participación Cidadá para o seu coñecemento.

### **Artigo 24. Funcións da Asamblea Territorial:**

Son funcións de cada Asamblea Territorial as establecidas no seu regulamento e, particularmente, as seguintes:

- a) Fomentar a participación directa da cidadanía por medio de entidades circunscritas ao seu territorio, na actividade municipal, establecendo a tales efectos os mecanismos necesarios de información, impulso e seguimento das súas actividades.
- b) Recabar propostas cidadás para o mellor funcionamento do servizos municipais.
- c) Presentar anualmente ao Concello un estado de necesidades e problemas específicos do territorio, con indicación de prioridades.
- d) Colaborar co Concello na solución dos problemas do territorio e axudar na



aplicación de políticas que preveñan situacións de risco, conflitos veciñais e inseguridade ou marxinação.

## **CAPITULO III CONSELLOS SECTORIAIS**

### **Artigo 25. Os Consellos Sectoriais**

Os Consellos Sectoriais son órganos de carácter informativo, consultivo e de formulación de propostas que permiten a participación de cada un dos sectores ou áreas de actividade municipal. Son, polo tanto, órganos de participación de carácter temático.

A constitución terá lugar por acordo do pleno da Corporación e a iniciativa poderá corresponder ó alcalde ou ós grupos municipais.

### **Artigo 26. Composición e funcionamento.**

Cada Consello Sectorial terá a seguinte composición:

1ª O presidente será o alcalde ou concelleiro/a no que delegue.

2ª Terá un representante por cada unha das entidades inscritas no rexistro municipal de asociacións veciñais relacionadas co sector o materia ou interese sectorial de que se trate.

3º Un representante por cada grupo municipal ou concelleiro non adscrito.

4ª Un técnico/a da área que actuará como secretario/a.

Os Consellos Sectoriais reuniranse cando menos semestralmente con carácter ordinario e, con carácter extraordinario, tantas veces como sexan convocados pola presidencia ou por un terzo dos seus membros. Promoverase a paridade e igualdade na súa composición.

De tódalas reunións levantarase acta sucinta cos acordos acadados.

Anualmente o Consello aprobará un Informe de actuacións realizadas durante o período e será remitido á Asamblea de Participación Cidadá para o seu coñecemento.

Unha vez constituído cada Consello sectorial elaborará un regulamento interno de funcionamento que deberá ser aprobado polo pleno do concello.

### **Artigo 27. Funcións do Consello Sectorial.**

Serán as seguintes:

- a) Fomentar a protección e a promoción da calidade de vida dos sectores implicados.
- b) Fomentar a participación directa das persoas, entidades e sectores afectados ou interesados.
- c) Informar ó concello dos problemas específicos do sector.
- d) Propoñer solucións alternativas ós problemas do sector sendo obrigada a súa consideración e estudo polo concello.
- e) Seguimento dos acordos adoptados polo concello sobre as propostas do consello sectorial dándolle traslado dos acordos adoptados e os informes que os avalen.
- f) Consulta previa polo concello de tódolos asuntos de transcendencia que afecten ó sector.

### **Artigo 28. Consello Sectorial de nenos e nenas.**

1.O Consello sectorial de nenos e nenas é un consello sectorial de características singulares dada a composición principal dos seus membros.

2. A súa función primordial é incorporar as vivencias da poboación infantil e favorecer a intervención de nenos e nenas nos debates, propostas, suxestións, queixas respecto de calquera actuación municipal, así como ser informados e opinar sobre todas as actuacións de outras administracións públicas que actúen no municipio.

2. O regulamento do Consello de nenos e nenas que será aprobado polo pleno do concello concretará a súa organización, composición e funcionamento.

## **TITULO IV O TECIDO ASOCIATIVO.**

### **CAPITULO I DISPOSICIÓNS XERAIS.**

#### **Artigo 29. Rexistro municipal de asociacións veciñais**

As asociacións veciñais para poder exercer os dereitos contidos nesta norma deberán ser previamente inscritas no rexistro municipal de asociacións veciñais e ter actualizados anualmente os seus datos no citado rexistro.

#### **Artigo 30. Obxectivos do Rexistro municipal de asociacións veciñais.**

Os obxectivos fundamentais do rexistro son os seguintes:

- a) Recoñecer e garantir ás asociacións inscritas os dereitos recoñecidos na lexislación vixente e neste regulamento.
- b) Permitir ó concello e a cidadanía coñecer en todo momento os datos mais importantes, de maneira actualizada, do tecido asociativo do concello, o seu cometido, actividade, cobertura e representatividade.

#### **Artigo 31. Tipo de asociacións que poden inscribirse**

Poden inscribirse todas as asociacións sen animo de lucro, legalmente constituídas e que teñan como obxecto a defensa, o fomento ou a mellora dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza do municipio, que o seu ámbito de actuación comprenda en todo caso o Concello de Ames ou unha parte do mesmo e que teñan a súa sede social no Concello. Estas asociacións terá a consideración de entidades de participación cidadán.

#### **Artigo 32. Documentación a presentar no rexistro municipal de asociacións veciñais.**

A inscrición realizarase a solicitude da entidade interesada que deberá achegar a seguinte documentación:

- a) Solicitude subscrita polo/a representante legal dirixida á Alcaldía.
- b) Copia compulsada da acta fundacional asinada por todas as persoas fundadoras en todas as súas páxinas.
- c) Copia compulsada dos estatutos vixentes.
- d) Numero da inscrición no rexistro xeral de asociacións da Xunta de Galicia ou noutros rexistros públicos.
- e) Acta ou certificación da ultima asemblea xeral ou órgano equivalente na que fose elixida xunta directiva vixente.

- f) Certificación indicando o domicilio social, teléfonos de contacto, e enderezo electrónico.
- g) Certificación de conta bancaria
- h) Orzamento do ano en curso
- i) Programa de actividades do ano en curso
- j) Certificación do número de socios/as
- k) Fotocopia compulsada do numero de identificación fiscal.
- l) autorización para a incorporación dos datos da entidade en directorio, sen perxuízo do debido cumprimento do previsto na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- m) Fomentarase a implantación telemática para todas estas cuestións.

### **Artigo 33. Notificación da inscrición no Rexistro municipal de asociacións veciñais.**

No prazo de quince días desde a solicitude de inscrición, agás que este prazo se tivese que interromper pola necesidade de subsanar deficiencias na documentación, a Alcaldía ditara decreto de inscrición da entidade no Rexistro Municipal de asociacións veciñais e notificará a resolución co numero asignado. A falta de resolución expresa terá efectos positivos.

A partires do decreto de inscrición considerarse de alta á entidades a tódolos efectos.

### **Artigo 34. Obrigas das entidades inscritas no Rexistro municipal de asociacións veciñais.**

1. As entidades inscritas están obrigadas a notificar todas as modificacións que se produzan nos datos inscritos, dentro do mes seguinte á modificación.
2. No primeiro trimestre de cada comunicarán ó rexistro os seguintes datos:
  - O orzamento para o exercicio en curso.
  - O programa anual de actividades.
  - Numero de socios/as a 31 de decembro
  - Identificación dos cargos directivos coa dirección e teléfono de contacto.

O incumprimento destas obrigas dará lugar a que o concello poda dar de baixa á entidade do rexistro municipal, coa conseguinte perda de dereitos, previo requirimento fehaciente por parte do concello, no que se outorgará un prazo de 20 días para que notifiquen as referidas modificacións.

En caso de non ter actualizados durante dous anos consecutivos os datos do número 2 deste artigo a entidade causará baixa de oficio. A baixa será efectiva a partir do 1 de abril do segundo ano consecutivo non que non se obtén a información actualizada.

**Artigo 35. funcionamento interno do rexistro municipal de asociacións veciñais.**

O rexistro municipal de asociacións veciñais dependerá da concellería competente en materia de participación veciñal ou cidadá e os seus datos serán públicos coas restricións que prevea a normativa vixente en cada momento.

**CAPITULO II MEDIOS PÚBLICOS E ACCESO A AXUDAS ECONÓMICAS.**

**Artigo 36. Axudas económicas e utilización de instalacións municipais.**

1. O Concello de Ames, co fin de apoiar o crecemento e fornecer o tecido asociativo, incluírá no seu orzamento anual unha dotación económica para subvencionar a realización de proxectos e actividades de interese para o municipio por parte das asociacións veciñais, en réxime de concorrencia competitiva.

2. As asociacións veciñais que se atopen inscritas no rexistro municipal de asociacións veciñais teñen dereito ó uso de edificios, locais e instalacións municipais nas condicións, e coas obrigas e responsabilidades contidas nas ordenanzas de aplicación.

### **Disposicións adicionais.**

**Primeira.-** As dúbidas que suscite a interpretación e aplicación do presente regulamento serán resoltas pola Alcaldía.

**Segunda.-** En todo o non previsto no presente regulamento estarase ó disposto nas seguintes normas: lei 7/1985 ,de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado polo real decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril; regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo real decreto 2568/1986 de 28 de novembro; lei orgánica 4/2001, de 12 de novembro, reguladora do dereito de petición, lei orgánica 1/2002 reguladora do dereito de asociación, e demais normativa que resulte de aplicación.

Disposición derogatoria.

Queda derogado o regulamento do rexistro municipal de asociación publicado no BOP numero 108 de 8 de xuño de 2012.

### **Disposición final**

O presente regulamento, unha vez aprobado definitivamente será publicado o seu texto íntegro no BOP e non entrará en vigor ata que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL.